ATENEA

Nº 54



Ateneo ferrolan


Foto: Arquivo Ateneo

ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 54
Xullo 2023

Edita
ATENEO FERROLÁN

Redacción e administración
Rúa Magdalena, 202-204
FERROL
981 35 79 70
www.ateneoferrolan.org

Coordinación
XABIER MONTERO DONGIL
FERNANDO RIVERA GARCÍA

Deseño e maquetación
FERNANDO RIVERA GARCÍA

ISSN
1575-9679
Depósito legal
C-1937-1999

CONTIDO

Xabier M. Dongil
Presidente do Ateneo Ferrolán

VACACIÓNS / ELECCIÓNS

Levamos varios números da Revista Atenea, facendo apuntes e propostas para a elaboración dun Plan de Cultura do Concello de Ferrol tomando como base o Plan aprobado ao final do mandato anterior e que nos tivo ocupados boa parte do mandato, - iniciouse a súa tramitación na plataforma zoom no ano da pandemia- con vocación de durar máis que un só mandato..

Aprobouse como base para ser enriquecido cas achegas que as Asociacións e/ ou Entidades Culturais fixeran ó mesmo, a aprobación realizouse sen definir ou regular o proceso de participación, nese senso, sería de interese coñecer cales son os planes do Goberno Municipal o respecto; como pensa regular a participación?, cantos son recursos que se dispoñen para cultura? si pensa manter o Plan ou propoñen outro escenario?

Desde o Ateneo Ferrolán, xunto a felicitación o novo Alcalde, solicitámoslle unha reunión para facer unha avaliación das necesidades e prioridades que, o noso entender, son necesarias e algunhas urxentes. Estamos a espera da súa resposta, que esperamos que sexa mais pronto que tarde.

Noutro orde de cousas, non se pode falar de asuntos importantes sen mencionar e comentar a convocatoria de Eleccións Xerais que vanse celebrar, como é sabido, o vindeiro 23 de xullo deste ano.

En primeiro lugar queremos pedir que se participe masivamente na votación co obxectivo de que o resultado das eleccións sexa o mais representativo posible e impida discursos de deslexitimación que depauperan a democracia. Faría, tamén, que o resultado permita un Goberno do Estado que defina o rumbo e orientación das políticas sobre os dereitos laborais, sociais, económicos, etc, sexan de avance e progreso ou, polo contrario, nos retrotraian ás políticas do ‘austeiricidio’ do ano 2008 no que se conxelaron pensións, redución de salarios, redución de dereitos sociais, en definitiva, provocarían un novo empobrecemento xeral e farían que a brecha social volvera a acentuarse. É bo recordar que os bancos españois son os únicos en Europa que non devolveron á sociedade os miles de millóns empregados no seu rescate.

Comenzamos esta parte do limiar pedindo participación e rematamos facendo un apunte mais respecto da mesma. Os estudos pormenorizados sobre a participación nas grandes cidades, que son extrapolables o resto de poboacións, constatan que son “os barrios ricos” onde máis se participa e son “os barrios pobres” onde a abstención é maior, polo que a conclusión é clara: participar non só é un dereito, é unha obrigación.

Desde o Ateneo Ferrolán seguimos a promover, nós ou en colaboración con outras entidades, debates, iniciativas culturais diversas,… que profunden e avancen nas liberdades, nos dereitos e contestaremos á “censura” que aparece, que asoma,… **con máis cultura e con máis liberdade.**



FERROL DESVIADO

UN PASEO POLA MEMORIA DAS DISIDENCIAS SEXUAIS



O Ferrol desviado: un paseo pola memoria das disidencias sexuais é un proxecto que trata de rescatar e poñer en valor a memoria daquelas que cuestionaron o xénero ou a sexualidade obrigatoria no Ferrol do pasado. Malia a imaxe de cidade recta, ordenada e aliñada coa moral militar preconizada nos cuarteis e que se proxectaba cara a fóra, en Ferrol encontramos moitas historias de persoas que viviron a súa vida mais alá dos camiños marcados pola norma. Unha norma que establecía que só existía un xeito posible de ser persoa, e que era cuestionada constantemente por aquelas que amaban, sentían e desexaban dun xeito diferente. Tal vez por iso, as súas historias foron ocultadas e esquecidas a base de borrar as marcas das súas pegadas.



É por iso polo que no Ferrol desviado propuxémonos rescatar algunhas desas historias e dalas a coñecer nun paseo pola cidade. Un paseo que nos lembra aqueles lugares que foron significados como espazos seguros ou de encontro, como os antigos urinarios da praza do Amboaxe ou o cine Callao. Un percorrido para recuperar a voz das silenciadas, como os “mulleres homes” que se ocultaban da persecución policial na Alameda de principios do XX.



Columna cero

Ateneo, ¿vanguardismo o bazofia cultural?

Ambar

Un poco a modo de prólogo de las elecciones en el Ateneo, la «Coordinadora Nacional de Organizaciones Feministas» prepara sus I «Encontros galegos de feministas lesbianas a nivel nacional». Ayer han celebrado una rueda de prensa, y de ella he tenido noticia a través de la radio. ¡Se anuncian tan poco estas cosas! La cosa debió de estar divertida, y aún lo estarán más esos «encontros» a los que no me dejará ir San Pedro, ni creo que tampoco las ilustres parientes de Safo me lo permitirían, los días veintinueve y treinta del presente mes.

Las lesbianas se despacharon agusto criticando el machismo imperante en Ferrol, atribuyéndoselo a los militares. La manía que tienen estos grupúsculos que tienen que andar mucho para reunir a más de tres adeptos, tienen a los militares es proverbial, pero además sospechosa. Sospechosa de que lo del lesbianismo sea sólo un pretexto para lanzar un ataquito más a los hombres que conforman las Fuerzas Armadas, cuerpo que naturalmente estorba a los que quieren hacer «tabula rasa de todo». La plaga antimilitar procede del Este, como todo lo que sea debilitar a Occidente, y lo notable es que aquel bloque no cesa de armarse cada día más allá de los dientes, hasta el propio corazón. Estas lesbianas sostienen con un cierto retraso histórico, pese a que probablemente se crean que están en la última vanguardia, que los militares, los cuales es cierto que han determinado bastante la idiosincrasia ferrolana, consideran a la mujer como un objeto del que se sirven para la holganza, o lo que es lo mismo, para el descanso del guerrero. Y diga usted que esto lo han de hacer también extensivo al resto de la masculinidad ferrolana. Y parece ser que es debido a que Ferrol siga siendo, por el momento, una base militar, por lo que lo han elegido como sede de los «Encontros».

Lamentan que la sociedad no sea permisiva con su sexualidad a todas luces desviada de los fines naturales del sexo, cuyos placeres parecen ser el premio al cumplimiento de generar y perpetuar la especie humana. De todas formas, no creo que la sociedad no sea permisiva con la práctica del lesbianismo, como no lo es tampoco con otras, como el onanismo, por ejemplo; lo que pasa es que ni las defiende ni tampoco las fomenta, que de eso se encargan las «feministas lesbianas a nivel nacional». Estas prácticas, viejas como el mundo, siempre han estado reducidas a la intimidad, lo mismo que el acto del amor, y siendo como es un asunto minoritario, no veo por qué se alarman de que no se les permita hacer demostraciones afectivas en los sitios públicos. Y que conste que uno maldito si está para ninguna suerte de escandalizaciones, por lo que le va a ser perfectamente indiferente contemplar espectáculos de esta o parecida guisa.

Han venido a decir que tenien que liberarse. Menos mal que ya no tienen que realizarse, con lo que ya tenemos un buen trecho recorrido. Y tienen que liberalizarse, primero de ellas mismas —y aquí tienen ustedes una analogía muy cristiana, por aquello de echar de encima el hombre viejo y ponerse el hombre nuevo—, y después, de la educación recibida, para lo cual es necesario, como es fácil comprender, haberla recibido. Parece como si tuvieran necesidad de desprenderse del natural sentimiento de vergüenza y del temor que les embarga. Pues no deben de temer nada, y lo que habrán de hacer es idear la manera de ir a cambiar las «obsoletas» leyes al respecto (si las hay) allí donde se hacen, discuten y aprueban las leyes en España. Y dense prisa, antes de que se vayan los que están o pierdan el «rodillo». Pero tampoco están de acuerdo con el PSOE, machistas también, y que no les dejan. Pues, a don Santiago Carrillo, mujer, que ya le oímos en una ocasión cómo se desgañitaba tirando por la legalización de la droga. Pues toma droga, Carrillo.

Y no les quiero decir lo que piensan de esa enfermedad tan extraña, llamada «sida», que afecta en la mayor parte de los casos a los homosexuales practicantes. Según las féminas lesbianas, lo del «sida» es un invento reaccionario contra el homosexualismo. ¿Pero no ven ustedes, amantes corazones de palomas, que los adictos a la droga conocen su fin fatal, y no por ello dejan de ser esclavos de ella? No hay campaña, ni leyes, ni enfermedades que acaben con casi nada, ni tampoco con el lesbianismo. De eso pueden estar bien seguras las señoras o señoritas lesbianas.

En fin, que aquí estamos a la última moda en casi todo, desde las cifras del paro, hasta el vanguardismo sexual. El no va más. Hasta en Ateneo les ganamos a todos, pues nunca encontrarán otro tan atento como éste a darnos bazofia cultural. Veremos a ver el que viene.

El Ideal Gallego (1985-06-27)



El «I Encontro Galego de Feministas Lesbianas» se celebrará el próximo fin de semana en Ferrol

Ferrol (Redacción). El próximo fin de semana en Ferrol se celebra el «I Encontro Galego de Feministas Lesbianas», organizado por la coordinadora de Galicia de organizaciones feministas, coincidiendo con el Día Mundial de liberación de lesbianas y homosexuales, establecido por diferentes organizaciones .

Las jornadas del próximo fin de semana en Ferrol se celebrarán en una dependencia del Ateneo Ferrolán y abordarán entre otros temas los de «Movimento feminista e lesbianismo», «Heterosexualidade e feminismo» y otros.

Hoy miércoles a las ocho de la tarde en el Instituto «Concepción Arenal» de esta ciudad, habrá ya una charla sobre «Lesbianismo, sexualidade prohibida», organizada por la sección de lesbianas de la Asociación Galega da Muller.


La Voz de Galicia (1986-06-27)

O Ferrol desviado é un camiño por e desde o orgullo. Orgullo de que a cidade tivera sido -tamén a principios de século- unha das paradas de referencia nos itinerarios galegos consolidados durante a moda do transformismo escénico.

Orgullo de que Teresita, unha disidente sexual que gañou moita fama en América Latina, tivese vivido en Ferrol. Orgullo de que a cidade acollera en 1985 os primeiros encontros de feministas lesbianas de Galicia, precisamente no Ateneo.



Exposición "Ferrol Desviado" no Ateneo Ferrolán. Decembro 2022



FERROL DESVIADO

Foto: Marie Hoeg posando cun home descoñecido no estudo Berg & Hoeg. cá. 1895-1903 . Colección do museo Preus

Lembrar o pasado, sen exclusións, é unha tarefa fundamental para comprendernos no presente e imaxinarnos no futuro. É por iso que o Ferrol desviado tenta rescatar estas historias para fixalas na memoria colectiva dunha cidade que sempre foi de tódalas cores.

Ferrol desviado: un paseo pola memoria das disidencias sexuais.

Un proxecto de

REXENERANDO & DANIELA FERNÁNDEZ

info@rexenerando.com



O castro de Lobadiz e a desaparecida sociedade Dugium, vidas paralelas

CRISTOBAL RAMÍREZ
Xornalista

O castro de Lobadiz e a desaparecida Sociedade Histórica, Artística e Arqueolóxica Dugium teñen algo común co río Guadiana: por algunha ignota razón desaparecen aquí e, de súpeto, volven aparecen acolá. E volta a empezar. A publicación recentemente dun libro sobre o primeiro e outro máis fai dous a nosa centrado na segunda, ambos os dous da nosa autoría, forman parte desa historia de aparición e desaparición que caracterizan á aldea prehistórica e á dita sociedade. O castro de Lobadiz puxérono no mapa un mestre e unha parella, por unha banda, e Dugium por outra.



Foto: arquivo Ateneo Ferrolán

Uns e outros fixeron escavacións que hoxe serán clandestinas, cando en realidade naqueles intres de finais dos 60 e principios dos 70 do século pasado non só estaban ben vistas senón que os xornais se facían eco delas entre o aplauso popular. Por exemplo, o extinto Ferrol Diario publicaba unha entrevista dunha páxina co mestre e os seus compañeiros de aventura. E, por citar outro exemplo, o mesmo xornal recollía por aqueles tempos, en concreto no 1972, una información ampla sobre as escavacións doutro grupo de rapaces no castro de Prismos, en Fene.



O ata certo punto curioso é que Lobadiz desbancou por completo á referencia arqueolóxica da bisbarra, que tiña non só unhas proporcións físicas moito maiores senón máis historia e, sobre todo, máis lenda: o monte Ancos, en Neda, logo desgraciado en parte por un miradoiro que un indocumentado alcalde mandou facer. Claro que Lobadiz tamén sufriu a súa cruz, que lle chegou da man dun presidente da Autoridade Portuaria que logo sería igualmente alcalde, neste caso de Ferrol, que no colmo do intento de engano argumentou que onde quería instalar un faro non era xacemento arqueolóxico. E co visto e prace dese escuro organismo da Xunta que case sempre foi a Dirección Xeral do Patrimonio, ese faro por fin foi erguido na punta que acolle os restos daquela aldea, que por certo estaba defendida por tres murallas ata que unhas casetas ilegais destruíron a primeira.







Entrada castro

Dugium foi un exemplo de interese e esforzo dunha fornada de ferroláns que querían descubrir o pasado da súa cidade e contorna nunha atmosfera asfixiante na cidade onde practicamente o único movemento cultural reducíase á SAF (Sociedad Artística Ferrolana) e ás festivas alteracións xuvenís que provocaban nas rúas as películas de Marisol.

Neste caso a curiosidade radicou en que as ideoloxías eran do máis dispares, dende franquistas puros que asinaban cartas coa cruz gamada nazi ata xente que se aliñaba co marxismo-leninismo. Pero ademais de que nunca se falaba de política -pola conta que lle tiña aos segundos- o ambiente foi sempre excelente no que fai referencia ás relacións humanas ata que unha persoa á que coa linguaxe de hoxe se cualificaría de trepa fixo o seu labor de zapa e chegou á presidencia. E acabou provocando que Dugium pasase á irrelevancia como etapa previa á súa desaparición.

DUGIUM

Sociedad Histórica, Artística y Arqueológica

Cómpre subliñar algo que está de actualidade: a presenza da muller. Nuns anos nos que as mulleres estaban limitadas a un determinado tipo de entidades (de viúvas, de amas de casa e de grupos folclóricos, principalmente), Dugium foi quizais a primeira ferrolá dende a Segunda República en incorporar a mulleres que andaban arredor dos vinte anos que -agás na escavación de Lobadiz- se desprazaron e traballaron como calquera socio masculino. Visto con esa perspectiva, teñen -temos- que agradecerlle aos respectivos pais -houbo excepcións, dende logo- aquela mostra de liberalidade nun país e nunha cidade que de liberais non tiñan nada, deixando iren ás mozas cos mozos monte adiante a procurar unha igrexa ou un castro.



E di o refrán español que “es de bien nacidos ser agradecidos”. Cómpre botar a ollada atrás para darlle as grazas a persoas que colaboraron a que aquel deserto cultural que era Ferrol empezase a deixar de selo aínda fose dun xeito tan elemental e minúsculo como a creación daquela sociedade. Na memoria queda o gran mestre represaliado Saturnino Hermida López (entregou ao Ateneo unha colección completa de *Ferrol Diario*) e o militar Manuel Pérez de Arévalo.



E volvendo a Lobadiz, segue esperando a súa hora, xa derrubadas as casetas ilegais e sen que nada lembre que alí houbo actividade. Este verán vaise escavar un xacemento arqueolóxico máis ou menos da mesma época, polos menos mentres os


Ampliación asa e bordes incisos e excisos


Peza telar

resultados non digan o contrario: Tralocastro, en Esmelle, que descubrirá os seus segredos baixo a dirección da obra do reputado arqueólogo e profesor no campus de Ferrol da UDC Montero Fenollós. A pregunta é cando lle chegará a hora ao castro costeiro más relevante de toda a provincia da Coruña despois do de Baroña, no Porto do Son.

Obviamente, os tempos mudaron, por sorte, pero aquel interese grupal que xuntou a máis de tres ducias de mozos na sociedade Dugium parece que non sería posible na actualidade. A escaseza de medios materiais fixeron moverse a aquela xeración, mentres que a abundancia agora parece xogar en contra.

Cómpre dicir que o Ateneo ten moito que ver tanto con Lobadiz como con Dugium. De ambos os dous garda documentación (todos os orixinais da sociedade, por exemplo, incluído o pequeno catálogo de monumentos que levou a cabo, amén de cerámica e algún artefacto), e está á espera de que algún estudoso queira profundar na historia de Ferrol nese período no cal, por imprimir un folleto da igrexa de Cambre na multicopista da concatedral de San Julián, o autor destas liñas tivo que falar longo e tendido con dous membros da temible Brigada Político Social (policía política do franquismo) que querían, simplemente, que as multicopistas fosen prohibidas ata nas igrexas. Textual. Outros tempos felizmente pasados que non hai que esquecer, algo que é o obxectivo deste texto.



Machada do Ateneo Ferrolán. Machada de batalla altomedieval

Foto: arquivo AF







Fotos do machada do Ateneo
Ferrolán, aprox. 20 cm de lonxitude

INTRODUCIÓN

É un obxecto dun gran valor testemuñal, que mostra o complexo da historia da nosa terra na antigüidade suscitando interrogantes que aquí responderemos mediante análises desde varios puntos de vista, para caracterizar este antigo vestixio.


Esta machada dise de Quintá, Ou Val, Narón (A Coruña), porque foi a residencia do doante, ao carecer o achado dunha avalada contextualización precisa, demostrada cun informe de probas testemuñais e profesionais.

Non obstante a interpretación dunha posible contextualización, que se fai a continuación, baséase en aspectos formais e analíticos, que indican a súa orixe foránea, debido a que non ten paralelos coa cultura galaica prerromana e se pola contra presenta similitudes cos formatos e tecnoloxía británicos tardo-antigos e altomedievais que a relacionan coa inmigración británica no século V d C., ao norte de Galicia, especialmente detectada por rexistros documentais, lingüísticos e arqueolóxicos, na zona do Eume, Ferrol e Ortegal ademais doutras comarcas limítrofes do norte de Galicia.


Este informe pretende servir de inicio a outras prospectivas analíticas que poidan completar o coñecemento deste singular obxecto do Ateneo Ferrolán.

Por outra, debemos clasificala como machada de batalla de cabalería. Machada de batalla eran aquelas de folla estreita e alongada lixeiras e machada de desfile ou cultual aquelas que eran de folla ancha e curta e pesadas. As machadas de batalla de cabalería dispoñían dunha característica cabeza amartillada como é o caso que tratamos.

ANALÍTICAS




Radiografía da vista lateral da machada amosando liñas oblicuas laminares de suturas de soldadura de forxa. (Gómez Filgueiras y Brage, F. 2008).



Analítica DRX, revela alto contido de carburo de ferro. (Gómez Filgueiras, F..2008).



Zona de DRX e réplica metalográfica.
(Gómez Filgueiras, F. 2008)



Replicas metalográficas, revelan bandas de nódulos de carburo de ferro. (Gómez Filgueiras, Fernan. 2008)

Da composición cuali-cuantitativa de elementos químicos, detéctanse dous grupos de elementos:

> Un grupo constituído por aqueles elementos procedentes do tipo de fundente empregado, neste caso de area silícea, esencialmente composta de sílice.

> Un grupo constituído por aqueles elementos provenientes do mineral, con alto contido de limonita tipo Gossen, Chapeau de Fer, á que acompañan desde a súa orixe, paraxénesis, conxuntamente o Ao, xa que a sílice e o xofre perdéronse por laterización. De aquí temos Fe, Ao, P, K, Ca, As, acompañados de pequenas cantidades de Nin, Co, Cu, Zn, S, Ti, Ag e Au. O Ao e o As xunto con outros elementos indican precisamente que se utilizou limonita dos Gossen.


O carbón vexetal empregado achega cantidades pouco significativas dos elementos atopados, excepto no caso do carbono e o potasio e ás veces de calcio. É de notar a achega da cantidade de potasio polo emprego de carbón vexetal. A cantidade de carbono nas escouras é un índice inverso da carburación do ferro que se obtén.

A relativa alta proporción do fósforo está causada esencialmente pola orixe local do mineral de ferro primario. Aínda que a este poderíaselle engadir testemuñalmente o fósforo e calcio provenientes de rituais propiciatorios do inicio da fusión no forno constatado en antigos tratados de alquimia metalúrxica, os ósos facilitaban a formación de escouras fusibles, detectables nas análises pola presenza de hercinita.

A razón que tiñan en empregar area silícea, en proporcións convenientes, era o conseguir, ás temperaturas factibles para aqueles fornos, a separación da ganga do mineral de ferro no forno, mediante a formación de escouras acedas de monosilicatos complexos, que eran fusibles nun amplo intervalo de temperaturas, disolvían a alúmina e fluían con facilidade, aínda que con elas pérdese unha porcentaxe do ferro do mineral en forma de compostos como a hercinita e sobre todo de fatalita con wustita e magnetita.

A fayalita indica co seu contido en óxidos de ferro o rendemento do procedemento, cuestión que se melloraba ao reciclar parte das escorias facilitando tamén o inicio da fusión.

A fluidez destas escouras acedas antigas facilitaba, ademais dos procesos físico-químicos, a circulación dos gases que interviñan no proceso metalúrxico e por iso o bo funcionamento metalúrxico dos fornos. Devandito forno funcionaba en condicións redutoras, é dicir "afogado", como nalgúns fornos de fabricación da cerámica escura castrexa, un indicio de que traballaban na mesma condición, así, é dicir "afogado", aínda que non eran iguais estruturalmente, tiñan un funcionamento máis regular e controlable, tamén en condicións redutoras similares funcionaban os fornos metalúrxicos para o cobre e o estaño, aínda que estruturalmente tiñan diferenzas cos de ferro.



Rhynie Man é a figura antiga atopada en Grampian, o sur de Rhynie en 1978. Aberdeenshire Council, Woodhill House, Westburn Road, Aberdeen, AB16 5GB, Escocia.[1]

Pola súa estrutura metalúrxica e formato é un machada de cabalería de guerra, igual que as machadas alto-medievais pictas, como a do ronsel mostrado a continuación, datada entre o 700 e o 800 a.C., ademais doutras mostradas en ronseis funerarios pictas co mesmo tipo de machadas.




Machada de ferro de batalla de cabalería alto-medieval ss. V dC. IX dC..

A machada que porta o home de Rhynie Man é similar ao machada de depositada no Ateneo Ferrolán, de Quintá, Ou Val, (Narón) (A Coruña). Son un tipo de machada de cabalería de guerra, coa súa típica forma e estrutura interna multi-laminar metálica.



Machada de guerra tipo La Tene s. IV aC., do castro de O Neixón, Boiro (A Coruña).






Machada de guerra céltica tipo La Tene, ss. V aC , V dC , de igual deseño á machada de Neixón

Polo anteriormente exposto, podemos afirmar que o machada do Ateneo Ferrolán é posterior á cultura prerromana de Galleccia, posiblemente de orixe británica tardo-antigo ou alto-medieval.

O machada, por interpretación das analíticas, resulto ser dun ferro de contido en carbono media de algo máis de 0.9% de carbono, debido ao emprego de soldadura de forxa de láminas de ferro aceirado ao 0.12 % C facilmente soldables con láminas de aceiro de alto contido en carbono de 1.4% C onde o carburo de ferro está globulizado por forxa. Dita peza, ademais, estivo amornada, como mostran as analíticas de réplica metalográfica e radiografía de RX, tratamento revelado polas bandas de forxa con nódulos de carburo de ferro dispersos nunha matriz de ferrita.

A forxa en quente de aceiros de alto contido en carbono tamén consegue globulizar a 'cementita' secundaria, mesmo nos aceiros de ultra-alto contido en carbono, aqueles que teñen contidos en carbono por encima do 1´4% de carbono. Un exemplo coñecido son os soados aceiros de Damasco levados polos célticos centroeuropeos a Turquía central e algúns asentados en Damasco en época romana.

Dedúcese de todo iso que se forxou por soldadura de forxa de varias láminas de aceiros facilmente soldables de baixo contido en carbono dispostas alternadamente con outras de alto contido en carbono de carburo de ferro esferoidal e por iso tamén soldables. Tamén na radiografía e a metalografía obsérvanse inclusións de 'fayalita' e micro-burbullas que facilitaron a forxa do machada.



Resumo de etapas de fabricación da machada por forxa de láminas de ferro.

A unión por soldadura de forxa entre láminas e entre barras leva a efecto por medio de caldeo en fragua a temperatura de branco brillante (preto de 1200ºC), protección simultánea con fundente de area fina de sílice, logo eliminación do fundente por impacto en húmido e de forxa en engra. Como se observan en radiografías, quedan restos de fundente transformado en fayalita, en forma de finas suturas inter-laminares.

As réplicas metalográficas mostran bandas de carburo de ferro, cementita nodular nunha matriz de ferrita, como resultado da transformación lenta a temperatura ambiente, durante séculos, ás fases de equilibrio, ferrita e cementita, desde a martensita orixinada por amorne directo hai séculos. A forxa en quente de aceiros de alto contido en carbono consegue globulizar a cementita secundaria prol-eutectoide nas láminas.

As láminas aceiradas fabricáronse en fornos en procesos metalúrxicos distintos segundo a porcentaxe de carbono. Para láminas ferro de baixo contido en carbono empregouse o método directo para láminas de aceiro de alto contido en carbono empregouse o método indirecto, obtendo fundición en forno metalúrxico e oxidando esta con óxidos de ferro en forma de mineral e pudelando a mestura para rebaixar o carbono, ata aceirala a 1.4% C. Estas técnicas son desenvoltas na época céltica da Tene[2]

Barras de láminas de ferro, unidas por soldadura de forxa, para os labores de forxa de espadas e machadas, xa desde á antigüidade, circularon como moedas en Britania e nordeste da Galia, debido ao alto valor engadido.[3]

Por todo o exposto podemos afirmar que o machada do Ateneo Ferrolán é de orixe foránea, probablemente relacionada coas inmigracións de britanos ocorridas no século V d.C., que despois de varios periplos, terminaron asentándose no norte de Galicia, especialmente nas comarcas do Eume e de Ferrol.

NOTAS AO TEXTO:

1. Kelly A. Kilpatrick. *The iconography of the Papil Stone: sculptural and literary comparisons with a pictish axe motif.* 159 Proc. Soc. Antiq. Scot.. 141 (2011), 159-205.

2. Pleiner, Radomir. *The Celtic Sword.* Editorial Clarendon Press. 1 abril 1993. ISBN-10 : 0198134118 .ISBN-13 : 978-0198134114 .

3. Marion Berranger, Philippe Fluzin. *From raw iron to semi-product: quality and circulation of materials during the Iron Age in France.* DOI:10.1111/j.1475-4754.2011.00641.x. August 2012. Archaeometry.R. F. Tylecote. *A History Metallurgy.* Second Edition. Maney for The Institute of Materials. Book B0789.First published in paperback in 2002 By Maney Publishing.1 Carlton House Terrace London Sw1y5db For The Institute of Materials. First published in 1976. reprinted in 1979, 2nd edn published 1992. © The Institute of Materials 1992. ISBN 1-902653-79-3. Uk by Antony Rowe Ltd.

Machada do Ateneo Ferrolán
Machada de batalla altomedieval

FERNÁN GÓMEZ FILGUEIRAS Y BRAGE

Profesor da Área de Ciencia dos Materiais e Enxeñería Metalúrxica. Universidade da Coruña



PEREGRINAS NA IDADE MEDIA

ROSA GARCÍA FRIERA


Imaxe de peregrinos na Idade Media

Entre os séculos XI, XII e XIII, centos de persoas que proviñan de diferentes destinos, encamiñan os seus pasos a Santiago de Compostela, do mesmo xeito que se viña xa facendo aos outros destinos de cristiandade coma Roma ou Xerusalén. A partir do século XI o camiño de Santiago era moi frecuentado, as persoas peregrinaban por diversos motivos ademais do relixioso, tamén o facían como vía de escape da monotonía cotiá ou polo simple feito de viaxar,coñecer terras novas e aínda que eran os homes os que percorrían maioritariamente os camiños igualmente as mulleres emprendían dita viaxe. Supoñía para elas unha paréntese nas súas vidas , nas súas tarefas domésticas ,souberon en definitiva aproveitar esas ideas de independencia. Unhas percorríano soas e outras en grupo coas súas familias ou en compañía doutras mulleres que tamén viaxaban en soidade converténdose así en compañeiras de traxecto. Co pretexto dunha viaxe motivada por un sentimento de fe e de devoción cristiá emprendían unha andaina cara a terras santas.

Por estes camiños e travesías movíanse estas mulleres peregrinas do medievo que elixían o risco e as ameazas que supoñían o percorrido ,xa que nos seus inicios os camiños estaban mal sinalizados sendo frecuentados por bandidos á espreita do viaxeiro ,animais ou enfermidades que engadían un transo máis aló da custosa tarefa de camiñar centos de quilómetros .Unha meta dura onde a fatalidade estaba en todas partes, corrían o mesmo risco que un home, mesmo elas estaban expostas ao perigo engadido dunha agresión sexual de calquera tipo, con todo arriscábanse xa que a recompensa de dispoñer das súas propias vidas o tempo que duraba a viaxe ben o compensaba .


O estado civil da muller era unha condición determinante á hora desta decisión , sendo máis difícil se a muller era casada xa que supoñía abandonar á súa familia e as tarefas domésticas mentres que para o home o estado civil non era ningunha carga para tomar a determinación. Acudir aos oficios relixiosos era unha forma de deixar ao carón por un tempo ditas labores do fogar e de relacionarse con outras mulleres polo que o motivo espiritual era unha causa ante a cal os homes non podían prohibir, nin discutir que as mulleres cumprisen co seu desexo de ir á igrexa, a unha ermida, a un mosteiro próximo ou mesmo emprender unha peregrinación. O feito de abandonar as casas , ás familias para percorrer os camiños con este fervor relixioso non era mal visto, ao contrario era un motivo moi respectado.

A clase social á hora de realizar o camiño tamén marcaba unha diferenza importante, mentres que unha muller sen recursos tiña que facer o percorrido andando polo que se facía máis duro e sacrificado, as que si tiñan un status social alto podían ir montadas en cadeiras que portaban os seus criados os cales ademais atendían as necesidades que lles ían xurdindo.

PEREGRINAS QUE PASARON Á HISTORIA

Egeria ,nobre romana de orixe galega , é a primeira muller peregrina de quen se ten constancia. A súa peregrinación a Xerusalén é anterior á idade media , a finais do século IV. Figura de gran importancia ,deixou escrito no seu caderno de viaxe un manuscrito que constitúe unha gran fonte histórica da época describindo todos os lugares que visita ao seu paso , información de gran interese xa que nos mostra as liturxias das primeiras épocas da cristiandade e achéganos cos seus testemuños as costumes daquela época.

Moitas son as mulleres que transcenderon e pasaron á historia na Idade Media, contamos con varias referencias de viaxeiras que chegan a Santiago. Sobre todo, mulleres de orixe nobre que facían o camiño acompañando aos seus maridos na


Retrato Egeria (Biblioteca Nacional)

devandita peregrinación. Temos constancia diso grazas aos escritos das doazóns que facían á igrexa de Santiago de Compostela, exemplo diso atopámolo en **Ximena Garcés**, esposa de Alfonso III, rei de Asturias, xunto a el fixo o Camiño a Santiago de Compostela para honrar os restos do Apóstolo no século X.

Algunhas destas ilustres peregrinas tiñan os medios económicos para facilitar o camiño a quen viña detrás polo que mandaban construír pontes, hospitais, contribuían ao mantemento dos camiños e mesmo ordenaban levantar albergues femininos.



Ximena Garcés (Biblioteca Nacional)

Isabel II de Portugal,a raíña lusa, casada con don Dioniso I, peregrinou a Santiago ata en dúas ocasións, tan dura sentiu a experiencia e quedou tan impresionada das condicións tan duras que os peregrinos e peregrinas tiñan que sufrir que mesmo chegou a doar importantes cantidades de diñeiro proporcionando todo o necesario para contribuír á construción de centros de asistencia e hospitais ao longo do camiño.

Mulleres nobres,campesiñas ,devotas relixiosas ou prostitutas que se buscaban a vida durante estes traxectos son os grupos que constitúen principalmente a peregrinación feminina. Mulleres valentes e inquietas, preparadas para sortear todo tipo de obstáculos durante unha viaxe que podía durar meses e mesmo anos, sen a certeza dun regreso aos seus fogares, polo que era un feito habitual facer testamento antes da partida.

Sábese por tanto que houbo peregrinas raíñas, nobres e plebeas, que percorreron principalmente por cuestións de fe os camiños santos, máis para moitas mulleres supuxo a escusa perfecta para lanzarse a percorrer mundo. Sen dúbida realizar unha viaxe a pesar dos perigos que implicaba, permitíalles sentirse libres durante un tempo da tutela masculina, característica da vida das mulleres da época, a cambio podían ser elas mesmas e só ese feito era xa unha recompensa.

Fontes de información :

Cano García, P. (2015). Reinas y damas, peregrinas y benefactoras del Camino de Santiago. *Pasaje a la Ciencia*, 21.

Cariñanos San Millán, F. (2005). La mujer en el Camino de Santiago. *Fayuela: revista de estudios calceatenses* (1), 39-56.

Corral Díaz, Esther. (2018). *Voces de mujeres en la Edad Media: Entre realidad y ficción*. Berlin/Boston: De Gruyter.

Paz Teijeiro,M.J.(2021) *La peregrinación de las mujeres en la Edad Media. La Ruta Jacobea*. TFG. Universidade de A Coruña, Ferrol.

Imáxe "Peregrinos na Idade Media" recuperada de :
https://lapalabrainfinita.wordpress.com/2013/05/13/el-peregrino-jesus-torbado-camino-de-santiago/

Peregrinas na Idade Media

ROSA GARCÍA FRIERA

Graduada en humanidades

O INTERESE DO CÓMIC E A NOVELA GRÁFICA NO ÁMBITO DA DOCENCIA

Se mañá mesmo acudimos a unha librería ou a unha biblioteca, con total seguridade toparémonos cunha sección dedicada á novela gráfica. Para algunhas persoas este dato apenas terá interese, pero si que temos que sinalar que tanto o cómic como a novela gráfica son elementos do noso tempo, cada vez máis demandado entre a poboación e cunha produción que cada vez é maior. Este fenómeno pode responder o carácter atractivo destes libros, á gran variedade de historias que se contan neles ou polo mero feito de que ao ser un produto para o entretemento chegan a un número de persoas moito maior que calquera outro libro ou documento académico. A través deste artigo podemos comprobar como o cómic e a novela gráfica non soamente poden ser un pasatempo senón que excederon estes límites e poden utilizarse como unha fonte de coñecemento fiable na aprendizaxe da historia e para a difusión desta como un elemento auxiliar dentro das aulas.

Seguramente con esta introdución a moitos dos que estades lendo este artigo asaltouvos a seguinte pregunta: que tipo de interese pode atopar a Historia e o ámbito da docencia nos cómics ou nas novelas gráficas?

En primeiro lugar, habería que sinalar que o campo do ensino baseouse principalmente no estudo de diferente libros ou textos escritos e no coñecemento que os profesores foron capaces de difundir nas tradicionais clases maxistrais e que foron a base fundamental da aprendizaxe dos estudantes de todo tipo de materia. Aínda así, é unha fórmula de ensino limitada, xa que non ofrece a motivación suficiente aos estudantes, que só se limitan a copiar grandes temarios, estudalo con todos os puntos e comas e vomitalo o día do exame. Este tipo de ensino non fomenta que os estudantes se interesen polas materias, nin que indaguen sobre os devanditos temas por iniciativa propia.

Así as cousas, atopámonos nun mundo no que os coñecementos transmítense de forma instantánea desde calquera parte do mundo a través das redes sociais ou os medios de comunicación e xérase unha gran cantidade de información cada minuto que é practicamente incalculable e inabarcable. Isto fai que intentar difundir algún tipo de contido faise misión case imposible e ineficaz ante a gran cantidade de contidos. Pero tamén estamos nun mundo onde cada vez máis estes medios de comunicación utilizan as imaxes como parte esencial da información que reciben das persoas.

É certo, que por diferentes motivos, a utilización destes recursos alternativos no ensino da historia consideráronse ineficaces, sobre todo se esa alternativa pasaba polo cómic. Algunhas das voces en contra destas obras argumentan que é máis unha distracción que unha fonte documental e que é un produto de diversión dirixido ao público infantil, pero un medio tan expresivo e visual como é o cómic ou a novela gráfica non poden ser tan demonizados por profesores e expertos, sobre todo porque na actualidade é un dos medios de comunicación máis utilizados e grazas ao cal grandes obras da literatura puideron ser difundidas por todo o mundo, como ocorreu por exemplo con *El Quijote*. Ademais, os métodos de ensino requiren dunha actualización constante e unha adaptación ás novas demandas e necesidades dos estudantes, polo que a utilización do cómic ou a novela gráfica nas aulas pode ser algo moi útil.

De todos os xeitos, habería que facer unha análise exhaustiva das vantaxes e os inconvenientes destas obras á hora de transmitir o relato histórico. Por unha banda, debemos dicir que se o cómic é unha fonte de información para poder analizar e coñecer a historia, pódese converter sen ningún problema nunha ferramenta importante na aula para ensinar dita historia. Neste caso, o cómic para poder utilizarse como fonte histórica debe achegar un coñecemento que sexa verdadeiro e universal, ademais de que debe incluír unha información e unha serie de fontes documentais do acontecemento histórico que fosen analizadas de forma rigorosa e que non caesen na terxiversación, nin na parcialización do feito.

Por outra banda, o cómic pode utilizarse como un recurso a partir do cal coñecer información sobre un personaxe histórico en particular, como ocorre con *La virgen roja* (2016) e *Sally Heathcote. Sufragista* (2015) , ambas obras da autora Mary M.; un acontecemento histórico, como se narra en *Los surcos del Azar* (2013) de Paco Roca ou en *La Segunda Guerra Mundial* (2020) de Antony Beevor; tamén pode utilizarse para trasladar un testemuño das mentalidades ou da representación dunha sociedade nun momento concreto da historia, como por exemplo *Un tributo a la tierra* (2020) de Joe Sacco. Ademais, estas novelas gráficas tamén pode utilizarse como unha ferramenta que ofreza unha visión humorística ou satírica da historia, ou sobre algunha cuestión política ou cultural da sociedade.

Estas obras son ferramentas que poden axudar aos estudantes na interpretación dos feitos históricos que deben estudar e analizar, ademais de que lles obriga a facer varias lecturas complementarias para coñecer as ideas principais e facer unha análise crítica do texto. É toda unha motivación que recibe o estudante,

pero é unha linguaxe que apenas ten cabida nas aulas tradicionais

“é un dos medios de comunicación máis utilizados e grazas ao cal grandes obras da literatura puideron ser difundidas por todo o mundo”

A maior parte da aprendizaxe que se realiza nos colexios e universidades baséanse na suma de información ofrecida desde os textos escritos, pero apenas existe tempo para tratalos de forma crítica e reflexionar sobre esa información. As diferentes propostas académicas non sacan un gran rendemento aos aspectos metodolóxicos fundamentais para o coñecemento histórico. Deste xeito, puxéronse en marcha novas fórmulas, máis atractivas, para tentar motivar aos estudantes e, así, poder coñecer os diferentes acontecementos históricos, pero sen deixar de lado o texto escrito. En lugar de que o estudante recompile grandes cantidades de información exposta por un profesor nunha aula, esta nova fórmula axudaríalle a desenvolver novas fórmulas de aprendizaxe, comprensión e expresión, ademais de poder facer resumos das historias que se están lendo e sacar as ideas claves destas.

É unha proposta moi interesante para a divulgación histórica desde un punto de vista máis accesible e cotián para os estudantes, pero sen perder o rigor e análise dos acontecementos que se están contando. A narración a través de imaxes e do debuxo supón un gran potencial de motivación e unha facilidade de aprendizaxe entre os estudantes, ademais de que en certa medida estas historias pódenlle evocar as experiencias de ficción como son as películas ou as series que se emiten polos medios de comunicación. A observación, a análise ou a interpretación dun cómic poden ser algunhas das accións que axuden a consolidar e adquirir coñecementos desde un enfoque histórico. Ademais, é unha oportunidade para que poidan comparar esas historias de ficción coa realidade e, así, poder analizar cales son os feitos reais sobre os que se sustentan.

A pesar de todo isto, non digo que haxa que acabar por completo cos textos escritos, nin coas clases maxistrais, nin co resto de materiais que se utilizan na actualidade para a recompilación do coñecemento exhaustivo dos diferentes feitos históricos e para conseguir as explicacións e as relacións necesarias que nos fagan comprendelos, senón que se pode aplicar unha fórmula de ensino mixto entre ambas as metodoloxías. O cómic ou a novela histórica poden proporcionar a narración visual a través das imaxes, achegando un maior

dinamismo e interactuando de forma máis forte co estudante, mentres que o texto escrito pode achegar a información necesaria sobre o feito histórico. Son formas que poden complementarse sen ningún tipo de problema. Desta maneira, o cómic debe entenderse pois como unha fonte auxiliar no desenvolvemento dos contidos, pero ademais, e como dixemos anteriormente, tamén debe entenderse como unha fonte de estudo, xa que nela estase representando un historia, cunha serie de acontecementos reais e históricos que son importantes para o coñecemento da historia e, como tal, deben ser tratados e analizados.

Pero tamén é certo que habería que sinalar algúns inconvenientes que teñen este tipo de obras á hora de ser utilizadas como un recurso para o ensino da historia. En certo sentido, debemos entender a produción do cómic ou da novela gráfica como unha creación que pretende ser atractiva, que se basea na demanda da poboación e que na maior parte das ocasións realízanse para a súa venda e distribución, polo que se pode caer en obxectivos máis estéticos ou comerciais que de rigor histórico. Algúns elementos como a fazaña, o heroico, o ben ou o mal adoitan ser utilizados ao longo da narración do cómic para así involucrar emocionalmente ao lector. Así, a historia adoita presentarse como a loita entre o ben e o mal, ou a pugna entre unha persoa e o resto, algo que en certo sentido pode considerarse como unha revisión maniquea da historia. Isto pode observarse na novela gráfica de *La Virgen Roja*, onde a protagonista é unha muller que a través das súas accións heroicas conseguiu que o pobo parisiense aguantase primeiro as arremetidas das tropas prusianas e despois as realizadas polas propias tropas francesas. Nesta historia móstrasenos a Louise Michel e ao resto de poboación parisiense como encarnadoras do ben e ao resto de persoas, neste caso ás tropas prusianas e francesas e aos mandatarios franceses como os “malos” da historia.

Outros dos problemas que poden suscitar a utilización do cómic como ferramenta para o estudo dos acontecementos históricos é que o estudante pode atopar dificultades para distinguir a realidade da ficción, xa que a través do cómic pódese chegar ao coñecemento da realidade ou do acontecido nun momento determinado dunha sociedade. Unha persoa pode entender que a historia de Louise Michel corresponde a unha representación que non é real e non considera que sexa un feito histórico. Un dos problemas máis comúns é utilizar unha historia sen realizar un traballo exhaustivo previo, sen documentarse sobre a situación que se pretende contar, sen exercicio de

crítica, sen a avaliación das fontes que se van a utilizar ou sen a interpretación persoal da información utilizada. Polo que nestas obras pódense atopar representacións de escenarios que non corresponden co contexto histórico, cóntanse feitos que non sucederon ou personaxes que non existiron, entre outros moitos recursos que falsean a historia tal e como ocorreu en realidade.

En definitiva, o uso do cómic ou da novela gráfica debe ser o presente e o futuro do ensino, pero como unha ferramenta auxiliar ou de apoio con respecto á información dos textos escritos. Ese texto debe servir como fonte principal de coñecemento para os feitos históricos, mentres que o cómic debe reforzar o coñecemento adquirido, ademais de poder utilizarse para analizar estes feitos desde outro punto de vista. O cómic, grazas ao seu atractivo e accesibilidade, pode ensinar historia de forma moi sinxela e poder axudar a coñecer algúns documentos ou acontecementos que poden ser un problema no acceso aos estudantes, por diferentes motivos. Si é certo que é un recurso interesante, xa que pode aumentar a motivación dos estudantes e a axudarlles a adquirir novos coñecementos e asentar os xa coñecidos, potenciar o uso do pensamento e o desenvolvemento dun pensamento crítico.

Pero tamén hai que recoñecer que pode haber algún problema na súa utilización pola dificultade á hora de diferenciar entre ficción e realidade ou polo carácter emocional que se lle outorga á historia onde o protagonista é o "bo" da historia e o resto de persoas son os seus inimigos. Aínda así, os estudantes deben facer unha análise crítico da historia gráfica que van ler, tentando descubrir que fontes son fiables e cales non, que historias son fieis á realidade histórica e cales a falsean e cales mostran feitos interesantes para a narración da historia e cales parcializan tanto a historia que ocultan parte dela.

"o uso do cómic ou da novela gráfica debe ser o presente e o futuro do ensino, pero como unha ferramenta auxiliar ou de apoio con respecto á información dos textos escritos"

Bibliografía:

Laksfoss Hansen, Ann Elisabeth (2010): "La memoria histórica en España a través de dos cómics" en *ANPE III Congreso nacional: aprender español en Noruega: Por qué y para qué*, Tromso: Universitetet i Stavanger

Coudannes Aguirre, Mariela Alejandra (2007): "De la Universidad a la escuela con humor: una propuesta de materiales alternativos para la enseñanza de la historia" en *Revista Clío & Asociados. La historia enseñada*, nº 11, Santa Fe: Universidad Nacional del Litoral

Vergara Díaz, Pablo (2009): "El cómic en España: 1977-2007" en *Aposta. Revista de Ciencias Sociales*, nº 42

Gual Boronat, Óscar (2011): "El cómic como fuente histórica: el falso testimonio de Tintín en el Congo Belga" en *Espacio, Tiempo y Forma, Serie V, Historia Contemporánea*, t. 23, pp. 141-158

Novillo, Miguel Ángel (2008): "Astérix en Hispania: realidad histórica o realidad caricaturizada" en Castillo Pascual, María José, *Congreso Internacional "Imagines": La Antigüedad en las Artes escénicas y visuales,* Universidad de la Rioja, pp. 659-672

Sebastián-Faubel, Vicent (2016): "El uso del cómic y la narrativa gráfica como estrategia didáctica en el aula de Historia y Ciencias Sociales" en Lluch-Prats, José Javier y Celestina Souto, Luz, *Las batallas del cómic: Perspectivas sobre la narrativa gráfica contemporánea*, Universitat de València, pp. 314-333

Talbot, Mary M. y Talbot, Bryan (2016): *La virgen roja*, Barcelona: La Cúpula

O interese do cómic e a novela gráfica no ámbito da docencia

DANIEL VELASCO GARCÍA

Eólica Así Non

HELIO BAAMONDE MONTES

Plataforma Ortegal Di NON



Fotografía: Rede Decrecemento

Nos últimos anos as enerxías renovables situáronse no punto de mira da clase política, de diversas asociacións e da propia cidadanía. Temos claro, xa, que temos que avanzar cara a un mundo con menos consumo de enerxías fósiles e que as fontes de enerxía deben ser máis eficientes e respectuosas co noso entorno.

Fai xa algúns anos que vivo en Couzadoiro, no concello de Ortigueira. Aquí formei unha familia e puxen en funcionamento unha explotación de horta ecolóxica. Digamos que somos unha desas familias que chaman (as veces despectivamente) "neorurais".

Dende o principio as dificultades e trabas por parte do concello foron importantes. A máis importante foi a inacción e permisividade ante a falta de distancias legais de seguridade cos eucaliptais próximos a nosa propiedade. Esta proximidade, dun metro escaso nalgúns puntos, non só nos impide adicarnos á horta durante varios meses ó anos pola sombra que proxectan as árbores senón que tamén supón un perigo en caso de incendio. A Lei de incendios autonómica non parecía aplicable neste noso concello.

O problema era grande pero pronto chegou outro peor. Fai case dous anos faciámonos conscientes da intención de instalar en todo o val de Couzadoiro un polígono eólico, o Parque Eólico Barqueiro, que deixaría o noso fogar dentro dunha poligonal con varios muíños nun radio de 1000m da nosa casa. Muíños de gran envergadura. Macroeólicos.

Xa na actualidade temos muíños na parroquia. Estes muíños de "pequenas" dimensións (80m) xa son audibles dende casas e leiras. Se se puxeran os proxectados que teñen o dobre de altura e a esas distancias, a nosa vida e a dos nosos veciños e veciñas, tornaríase imposible.

Xa fará cousa dun ano, á xente máis maior da aldea lles aparecían con contratos de arrendamento de fincas dicindo que eran para mellorar as liñas eléctricas, pois é común que cada vez que se corta madeira ou hai temporal quedemos sen luz ou auga. En realidade son contratos vinculantes de arrendamento das terras, para os macroéolicos.

Estes 30 ou 18 macroxeradores (a información é así de clara) suporían unha tea de araña de coiteladas no noso hábitat, incomunicándonos máis aínda. Prometen postos de traballo pero a




Muíños na actualidade na serra da Faladoira

mesma empresa di que dous postos de traballo abondan para levar un parque que abrangue o 60% da superficie do concello de Ortigueira.

No estudo de impacto ambiental presentado pola empresa aparecen solucións incribles, como plantar especies arbóreas para mitigar o impacto sonoro e visual (deben de ser de crecemento ultrarrápido), así como propuxer as nosas vías de comunicacións como as vías principais de acceso ó parque. Imaxinádevos que con poboacións moi envellecidas, teñamos que ir por calquera motivo a un hospital, ou que calquera de nós teña un accidente laboral e as principais vías de acceso estean cortadas por camións que están cargando e instalando estas megaestruturas

Négasenos a información sobre este parque eólico impedíndonos planificar o noso futuro. Para os nosos representantes políticos semella que somos unha "zona de sacrificio" polo cal intuímos que somos, como tantas en todo o territorio, "familias de sacrificio".

Os parques esténdense ininterrompidamente por todo o rural galego. A aldea da miña familia paterna, vai ser afectada polo parque eólico de Santuario, nome que parece un insulto, pois van poñer os muíños ó carón das medoñas, tal vez ofrecendo ós noso



Parques proxectados en Ferrol Eume e Ortegal, na actualidade Caaveiro o da esquerda non foi aprovado.

ollos, unha gran necrópole na cal os muíños de 200 metros sexan as cruces.

Entendemos a importancia das renovables na loita contra o cambio climático pero a forma en que os nosos representantes políticos asumen esta transición, defendendo a estas multinacionais e non aos veciños e veciñas resulta vergonzoso. As "ofertas" son tan peregrinas como que van a pagar clases de zumba ou instalar un parque infantil para catro nenos que temos na aldea. Xa o din algúns dos nosos representantes: "se total, sodes vinte veciños todo o ano".

Os veciños e veciñas non somos técnicos de enerxías renovables, pero tampouco uns obtusos que "non entenden" nada do beneficiosos que son os muíños para a zona. Somos veciños e veciñas que convivimos cada día cos problemas que a diario afrontamos no rural. Un rural que non morre: estano matando. Non quere expor o rural como unha fonte de alimentos, como unha alternativa ó paro xuvenil senón como un recurso de materia primas a baixo custo.

Carecemos de pediatra a meirande parte dos días, percorremos case unha hora (ou sen case) para chegar ó hospital máis próximo, as ambulancias medicalizadas non chegan ó noso concello e incluso, en algunha ocasión, chegar á escola pode converterse nunha aventura.

O transporte público, o tren (tan importante para a descarbonización, non si?) é deficiente e anacrónico. Moita xente nova que intenta emprender decida irse, ante unha loita imposible contra Goliat.

Moitas veces preguntan: entón por que segues...? pois porque ante todos estes problemas xérase un principio de solidaridade, de pertenza. Se perdemos o rural desaparecemos, pois as aldeas son a parte máis importante da nosa identidade, onde reside a nosa esencia como pobo. Debullar as fabas ou esfollar loureiro cando empeza o inverno ao calor do lume, mentres escoitamos ou contamos os contos de cando eramos pequenos, o olor a herba recén cortada, os careixóns nestes meses de primavera, todo isto non o podemos perder.

Xa asumimos fai moito menos que non temos os mesmos dereitos, pero asumimos que temos cousas, para nós, máis importantes.

Por todo isto tamén quero facer un chamamento, aos que vivides nas cidades que sodes a maioría da nosa poboación, que nos axudedes, pois vos sodes os que tedes o poder da masa, sodes miles. Nós somos polo de agora os custodios do voso pasado e oxalá do voso futuro.











Marcha en Moeche para defender os montes das comarcas dos macroproxectos eólicos (2022-12-11). Foto: AF



FERROL

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura

